

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN conxunta do 14 de outubro de 2016, do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se dá publicidade ao acordo da Amtega e do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-accionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica, no marco do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica para a coordinación de actuacións de impulso de Empresa dixital e Industria 4.0, asinado o 22 de decembro de 2015, acordaron aprobar as bases reguladoras para a selección de pemes ás cales se prestarán servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020. As bases reguladoras foron aprobadas por unanimidade na xuntanza do 30 de xuño de 2016 do Consello de Dirección do Igape.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-AccionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

A prestación destes servizos está cofinanciado ao 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular:

Obxectivo temático 01: potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.



Prioridade de investimento 01.02: fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes.

Obxectivo específico 01.02.01: impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora.

Obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.01: promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial (...).

Segundo. Convocar as axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-accionaTIC) para os exercicios 2016 e 2017, que teñen a consideración de axuda en especie establecida na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Os prazos para a presentación de solicitudes serán os seguintes:

Convocatoria	Inicio do prazo	Fin do prazo
2016.1	31.10.2016	30.11.2016
2016.2	5.12.2016	10.1.2017
2017.1	13.1.2017	28.2.2017
2017.2	6.3.2017	31.5.2017



Cuarto. A distribución de servizos ofertados en cada convocatoria será a seguinte:

Servizo	2016-1	2016-2	2017-1	2017-2
Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de solucións Industria 4.0	51	37	24	13
Servizo de diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa	35	36	24	13
Servizo de acompañamento na posta en marcha de solucións Industria 4.0	18	14	9	6
Servizo de xeración de modelos e simulación industrial	6	4	3	2
Servizo de soporte para a adopción e despregamento de solucións en mobilidade	7	7	5	3
Servizo de asistencia para a adopción de solucións dixitais innovadoras para a mellora da xestión empresarial	17	17	11	7
Servizo de acompañamento na definición e posta en marcha de estratexias de márketing dixital	13	13	8	5

As empresas que, cumprindo as condicións para seren beneficiarias, resulten rexeitadas nunha convocatoria debido ao esgotamento dos servizos previstos poderán presentar nova solicitude en convocatorias posteriores.

Os servizos que resulten excedentes dunha convocatoria, poderán ser reasignados a convocatorias posteriores mediante modificación desta resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Sexto. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

M^a Mar Pereira Álvarez
Directora da Axencia
para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

ANEXO

Bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (programa Re-accionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020

As empresas necesitan reinventarse continuamente para daren resposta aos retos do mercado. A achega de coñecemento externo, xunto con metodoloxías e ferramentas de



traballo, é necesaria para promover o cambio. No entanto, as pemes atópanse con dificultades á hora de accederen a servizos profesionais especialmente adaptados ás súas necesidades: o custo dos servizos, xunto coa incerteza polos resultados e a dificultade de seleccionar prestadores de servizos adecuados, impiden en moitos casos a execución dos necesarios proxectos de mellora.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) ten, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

O Instituto Galego de Promoción Económica (en diante Igape) ten entre as súas funcións de creación e establecemento, o desenvolvemento e oferta dun catálogo propio de servizos de diagnóstico, apoio e mellora competitiva dirixidas ás pemes. A oferta destes servizos pretende mellorar o futuro das empresas galegas mediante a adquisición de novas competencias que lles permitan gozar de vantaxes competitivas permanentes.

Para o desenvolvemento das súas respectivas competencias a Amtega e o Igape asinaron o pasado 22 de decembro de 2015 un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións de impulso de Empresa dixital e Industria 4.0, que se denominará «programa Reacciona-TIC».

A sinatura do devandito convenio está encadrada no marco do programa Transforma-TIC, entre os obxectivos do cal sobresaen: dar resposta á necesidade de contar cunha estratexia única desde a Xunta de Galicia para contribuír ao crecemento e desenvolvemento do sector da economía do coñecemento de Galicia a través do desenvolvemento de actuacións para dinamizar o tecido rexional TIC mediante a aplicación de solucións en sectores tradicionais e sectores estratéxicos para Galicia; aumentar a capacidade tecnolóxica das pemes; impulsar a produtividade de todos os sectores, que inclúe o desenvolvemento de iniciativas para impulsar a implantación das TIC nas pemes de Galicia e o uso dos servizos TIC por parte de todos os sectores produtivos.

No mesmo senso, a Axenda de Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 13 de maio de 2015, establece cinco plans de impulso con 26 enfoques estratéxicos e 60 medidas que desenvolverá a Administración galega entre os anos 2015 e 2020. A prestación de servizos especializados



de asesoramento que apoien o desenvolvemento estratéxico das pemes atópase encaдрada no plan de impulso ás persoas e organizacións, dentro do enfoque estratéxico da profesionalización das pemes.

Á hora de deseñar o instrumento de apoio máis axeitado, optouse por contratar, mediante procedemento aberto (PA 1/16, programa Re-accionaTIC), a execución dun número amplo de servizos, para a seguir ofertalos ao tecido empresarial. As empresas que soliciten un servizo deberán pagar ao Igape ou, se for o caso, á Amtega, o importe establecido nesta base reguladora en concepto de cofinanciamento privado. A diferenza entre o custo de cada servizo e o cofinanciamento privado terá a consideración de axuda en especie e a súa concesión respectará os límites establecidos para as axudas en réxime *de minimis* segundo as definicións dos regulamentos da UE aplicables en cada caso.

A contratación directa polo Igape ou, se for o caso, pola Amtega dos servizos ofertados achega ao esquema de apoio a capacidade por parte do Igape e da Amtega de controlar exhaustivamente a execución e os resultados dos proxectos.

O programa Re-accionaTIC queda configurado deste xeito como un programa de servizos a pemes que, a través das empresas prestadoras de servizos –seleccionadas mediante procedemento aberto de acordo cos artigos 138.2 e 157 a 161 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público–, permite ás pemes executar proxectos de mellora en distintos ámbitos: diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de solucións Industria 4.0; diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa; acompañamento na posta en marcha de solucións Industria 4.0; xeración de modelos e simulación industrial; soporte para a adopción e despregamento de solucións en mobilidade; asistencia na implantación de solucións dixitais innovadoras para a mellora da xestión empresarial; e acompañamento na definición e posta en marcha de estratexias de márketing dixital.

A convocatoria destas axudas será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. A convocatoria incluírá o procedemento de tramitación e o prazo de presentación de solicitudes.

As axudas reguladas nesta base outorgaranse en réxime de concorrência competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



Artigo 1. Servizos obxecto de apoio

1. A Amtega poderá conceder axudas en especie consistentes na execución de servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas, dentro do programa Re-accionaTIC, integrados nas seguintes categorías:

Empresa dixital:

1º. Servizo de diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa. Neste servizo analizarase o grao de modernización tecnolóxica da empresa e identificaranse as oportunidades de mellora para a provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido a través do uso intensivo das TIC. O resultado será a definición dunha folla de ruta que permita á empresa incorporar solucións dixitais innovadoras para mellorar ou optimizar os modelos de xestión, relación, produción, prestación de servizos e comercialización.

2º. Servizo de soporte para a adopción e despregamento de solucións en mobilidade. Unha vez realizado o diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa, dentro deste programa ou como resultado doutra análise que ofrezca resultados similares, neste servizo profundarase na definición dun catálogo de novas solucións e servizos baseados na mobilidade que permitan unha transformación dixital da empresa e levarase a cabo a implantación de, cando menos, unha das medidas consideradas de maior relevancia.

3º. Servizo de asistencia para a adopción de solucións dixitais innovadoras para a mellora da xestión empresarial. Unha vez realizado o diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa, dentro deste programa ou como resultado doutra análise que ofrezca resultados similares, neste servizo profundarase na definición dun catálogo de solucións dixitais innovadoras capaces de agregar valor ás actividades de xestión empresarial (xestión financeira, loxística, de recursos humanos, clientes, provedores, compras, ordes de produción, etc.) e levarase a cabo a implantación de, cando menos, unha das medidas consideradas de maior relevancia.

4º. Servizo de acompañamento na definición e posta en marcha de estratexias de márketing dixital. Unha vez realizado o diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa, dentro deste programa ou como resultado doutra análise que ofrezca resultados similares, neste servizo profundarase na definición dunha estratexia corporativa de márketing dixital que permita aproveitar con intelixencia os datos relevantes sobre a

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



relación co cliente e as súas experiencias para mellorar o achegamento entre a empresa e o consumidor, potenciando a imaxe de marca e os resultados de negocio, e levarase a cabo a implantación de, cando menos, unha das medidas consideradas de maior relevancia.

2. O Igape poderá conceder axudas en especie consistentes na execución de servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas, dentro do programa Re-accionaTIC, integrados nas seguintes categorías:

Industria 4.0:

1º. Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de solucións Industria 4.0. Neste servizo analizarase a situación actual da empresa e farase unha detección das súas capacidades para orientarse cara a unha Industria 4.0. Tras a elaboración deste diagnóstico inicial, a contratista identificará as necesidades organizativas e tecnolóxicas que permitan á empresa incorporar novas tecnoloxías e preparará un itinerario de implantación tecnolóxico.

2º. Servizo de acompañamento na posta en marcha de solucións Industria 4.0. Trátase de xestionar o proxecto de implantación dun mínimo de dúas medidas de solucións Industria 4.0 consideradas de maior relevancia pola empresa procedentes dun diagnóstico de capacidades que pode ser realizado dentro deste programa ou ben pode ser resultado doutra análise que ofrezca similares resultados.

3º. Servizo de xeración de modelos e simulación industrial. Consiste en executar un proxecto de xeración de modelos e simulacións sobre eles. Deste xeito, debe existir un produto, prototipo ou proceso que sexa susceptible de modelización, así como un problema por resolver para o cal se necesite realizar procesos de simulación sobre o modelo xerado.

3. As pemes poderán solicitar axudas para a prestación dun ou varios servizos.

4. Os servizos adaptaranse en cada unha das prestacións á realidade da peme destinataria. Para este efecto, deberán establecerse inicialmente os parámetros de cada un deles: priorización de necesidades, alcance do traballo e ámbitos complementarios necesarios. A empresa contratada polo Igape para a prestación do servizo actuará durante

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



todo o proceso como facilitador, achegando a metodoloxía de traballo e asegurando a calidade deste.

5. Determinados servizos poderían contar coa participación dun bolseiro tutelado polo axente colaborador do Igape e a Amtega, o cal será determinado pola dispoñibilidade destes no Igape e pola especificidade do servizo que se vai prestar.

6. Estas axudas son incompatibles con calquera outra subvención pública para o mesmo proxecto. A solicitude e obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 2. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas (pemes), incluíndo os autónomos, comunidades de bens, asociacións, fundacións ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo actividade empresarial. En calquera caso, deberán ter radicado algún centro de traballo en Galicia e cumprir a definición de peme. Para esta definición utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

2. Non poderán ter a condición de beneficiarios:

a) Entidades ou empresas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).

b) Entidades ou empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 2.18 do Regulamento xeral de exención (Regulamento UE nº 651/2014).

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



c) Entidades ou empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 3. *Contía das axudas*

1. As axudas previstas nestas bases reguladoras configúranse como axudas en especie da disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A dita axuda confórmase como a diferenza entre o custo aboado polo Igape pola prestación do servizo e o importe exixido ás beneficiarias en concepto de cofinanciamento.

O importe do cofinanciamento privado é o que se indica na seguinte táboa para cada tipo de servizo e para cada tipo de empresa destinataria do servizo:

Servizo	Custo do servizo €	Cofinanciamento peme €	Cofinanciamento peme asociada a clúster €	Cofinanciamento microempresas €
Servizo de diagnóstico de capacidades e oportunidades para a aplicación de solucións Industria 4.0	4.356,00	300,00	225,00	150,00
Servizo de diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa	4.477,00	300,00	225,00	150,00
Servizo de acompañamento na posta en marcha de solucións Industria 4.0	7.744,00	2.160,00	1.620,00	1.080,00
Servizo de xeración de modelos e simulación industrial	7.683,50	2.160,00	1.620,00	1.080,00
Servizo de soporte para a adopción e despregamento de solucións en mobilidade	7.102,18	2.000,00	1.500,00	1.000,00
Servizo de asistencia para a adopción de solucións dixitais innovadoras para a mellora da xestión empresarial	7.631,71	2.160,00	1.620,00	1.080,00
Servizo de acompañamento na definición e posta en marcha de estratexias de márketing dixital	5.584,39	1.520,00	1.140,00	760,00

2. Tendo en conta o anterior, a diferenza entre o custo do servizo e o cofinanciamento privado terá a consideración de axuda en especie, en réxime *de minimis*, e a súa contía indicárase na resolución de concesión.

Artigo 4. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.



2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estean en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento o que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste caso debe presentar a certificación nos termos establecidos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas en especie concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. Os prazos de presentación de solicitudes serán os especificados na convocatoria, co obxectivo de organizar coa mellor eficacia posible a formación grupal, e tramitar o procedemento como bloques de solicitudes aos cales se aplicarán os criterios de selección que a seguir se indican.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtn1



Os períodos de admisión de solicitudes anunciaranse na páxina web do Igape (<http://www.igape.es/reacciona>) e na súa oficina virtual (<http://tramita.igape.es>), e serán os especificados na convocatoria. Se se dá o caso de esgotamento dos servizos contratados ás empresas mediante licitación pública, publicarase tal circunstancia no DOG co fin de anular os prazos de presentación de solicitudes que resten por producirse.

2. Para presentar a solicitude, as pemes deberán cubrir previamente un formulario a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do mencionado enderezo da internet ou do número de teléfono 900 81 51 51. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractación SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

3. As solicitudes presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo. No formulario será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas e concederase aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivamento.

4. Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizada co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario de solicitude normalizado (anexo I) co IDE.

Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación da peme solicitante.

Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realízase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación electrónica, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior tamén poderán empregar a vía electrónica para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación electrónica neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape na ligazón de tramitación electrónica, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE núm. 150, do 23 de xuño).

5. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico informa@igape.es, indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante de recepción.

6. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 6. *Órganos competentes*

No relativo aos servizos de Industria 4.0. definidos no artigo 1 destas bases, a Área de Competitividade será o órgano competente para a instrución do procedemento, e corresponde, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ao titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ditar a resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

No relativo aos servizos de Empresa dixital definidos no artigo 1 destas bases, a Área de Sociedade Dixital será o órgano competente para a instrución do procedemento, e corresponde á persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ditar a resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

Artigo 7. *Instrución dos procedementos*

1. Para a avaliación das solicitudes, o órgano instructor correspondente poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración



dos documentos achegados xunto coa solicitude. En función dos datos declarados na solicitude de axuda e no formulario, elaborárase unha relación de solicitudes coa puntuación que corresponde a cada unha, en aplicación dos seguintes criterios de valoración:

a) Segundo o número de empregados da peme no último exercicio:

De 0 a 5: 20 puntos.

De 6 a 15: 50 puntos.

De 16 a 50: 35 puntos.

51 ou superior: 15 puntos.

b) Ter desenvolvido unha análise previa ou plan estratéxico onde se poña de manifesto a necesidade do servizo para o cal se solicita a axuda (estas análises ou plans non teñen por que ser os propios do plan Re-acciona): 25 puntos. Para a asignación desta puntuación, a análise deberá conter, polo menos o seguinte: presentación da empresa, principais magnitudes económicas e organizativas, exposición da situación actual da empresa, análise consensuada co equipo directivo das principais características do contorno e propias da empresa en que se poden abordar proxectos de mellora, e de plans de acción motivados (ou borrador deles).

c) Actividades preferentes dos sectores estratéxicos do territorio recollidos na Axenda Dixital de Galicia (ADG2020), actividades preferentes da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 e actividades referenciadas no Reto 2 (modelo industrial da Galicia do futuro) da estratexia RIS3 de Galicia: 15 puntos. En particular:

– Sectores de impulso á economía dixital recollidos na ADG2020.

– Sectores tractores: automoción//agroalimentación – mar – acuicultura//sectores primarios//pedra natural//confección – moda//industria marítima//madeira//turismo.

– Sectores emerxentes de gran potencia: industrias culturais e creativas//biotecnoloxía//industria da saúde//novos materiais//aeronáutica – aeroespacial//ecoindustrial.

– Soporte da nova industria: enerxía//industria TIC//manufactura avanzada.

d) Pola asociación a un clúster: 10 puntos.



No caso de empate na baremación, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio «a». Se aínda así segue existindo empate, decidírase pola maior puntuación no criterio «b» e así sucesivamente. Esgotados estes criterios de desempate, decidírase polo número de expediente máis baixo, que se outorga segundo a data de presentación da solicitude no Igape.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude ou o formulario non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, requírase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

3. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de ditar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

4. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor correspondente confeccionará a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape ou, se for o caso, á directora da Amtega, quen resolverá a concesión das axudas.

5. A resolución conxunta relativa a cada período de admisión de solicitudes será notificada de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Con carácter xeral non se enviarán notificacións postais e, de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da indicada lei, substituirase a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

6. En todo caso, na resolución deberán figurar, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) O importe do cofinanciamento privado.

b) A contía da axuda en especie, en réxime *de minimis*, calculada como se establece no artigo 3 destas bases reguladoras.



c) Que a axuda está cofinanciada co Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

d) Que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión do beneficiario na lista de operacións que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

e) Indicación das obrigas de información e publicidade que deberá cumprir nos termos previstos na sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e que se especifican no anexo II destas bases.

f) Prazo para a execución do servizo.

A axuda terá a consideración de axuda en especie en réxime *de minimis* e cumprirá co establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

7. O prazo máximo para resolver e notificar as resolucións será de 30 días hábiles desde o peche de cada período de admisión. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ter ditado resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 8. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da



súa publicación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición, ante o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ou, se for o caso, ante a directora da Amtega no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 9. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observarse o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, admitíndose, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, modificacións relativas á modificación do prazo de execución do servizo e á tipoloxía de servizos que se van a acometer, sempre e cando estes cambios non alteren o baremo.

2. O beneficiario deberá solicitar a modificación tramitando o formulario sinalado no artigo 5 e presentando a súa instancia dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ou, se for o caso, dirixida á Dirección da Amtega. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, ou, se for o caso, ditado pola persoa titular da Dirección da Amtega, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia, se for preciso, aos interesados.

Artigo 10. *Execución do servizo*

1. Unha vez concedida a axuda en especie, a empresa prestadora do servizo porase en contacto coa peme destinataria do mesmo, co fin de organizar a formación inicial descritiva do servizo, que poderá ser individual ou en grupo.

2. Unha vez recibida a dita formación, e antes de comezar a súa execución, a peme destinataria deberá ingresar na conta bancaria indicada na resolución de concesión a súa parte de cofinanciamento, que será empregado polo Igape co fin único e exclusivo de contribuír ao pagamento dos servizos contratados co correspondente provedor, prezo que será aboado directamente polo Igape ou, se for o caso, a Amtega, á contratista.

3. No caso de que dous meses antes da finalización do prazo de execución do servizo non se producise o ingreso, entenderase que o beneficiario renuncia á axuda e arquivase

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



o expediente. Este prazo poderá ser exceptuado mediante resolución do órgano competente para a instrución do procedemento, sempre que concorran causas xustificadas.

4. O beneficiario da axuda deberá prestar a dedicación requirida para a execución do proxecto de mellora durante a prestación do servizo, así como facilitar o labor da prestadora poñendo á súa disposición a información requirida para completar o traballo. O Igape ou, se for o caso, a Amtega estudará e resolverá calquera situación de desacordo entre as partes que se poida producir nesta fase.

Artigo 11. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto de mellora, no cal poderán participar en todo momento técnicos do Igape ou, se for o caso, da Amtega.

b) Ingresar antes da execución do servizo, mediante o procedemento establecido no artigo 3, o importe do cofinanciamento privado, que non será reintegrado unha vez comezada a execución do servizo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas.

c) Colaborar co Igape e a Amtega nas actividades divulgativas do programa Re-AccionaTIC: xeración de casos de éxito, material promocional, participación en presentacións, reportaxes audiovisuais, visitas demostrativas e calquera outra similar. O compromiso máximo exixido será o dunha xornada laboral dalgunha das persoas implicadas na prestación de servizo.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape ou, se for o caso, a Amtega, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello.

e) Proceder ao reintegro da axuda recibida, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



f) No caso de non ser quen de realizar o proxecto de mellora, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

g) Comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza.

h) Facilitar ao Igape, á Amtega ou ás entidades que colaboren con eles a recollida de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos tras a execución do servizo, e nun prazo de entre seis e quince meses despois da súa finalización.

En particular, o beneficiario debe recoller o indicador relativo ao aumento do emprego nas empresas subvencionadas. Para o cálculo deste indicador, terase en conta a media de empregos existentes na empresa nos 12 meses anteriores ao comezo do servizo e a media de empregos que existen na empresa 12 meses despois da finalización do servizo (a unidade de medida corresponde ao emprego equivalente a tempo completo: Σ (horas totais ao ano que supoñen os empregos existentes ou previstos) / 1.826 (horas/ano).

i) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

j) As pemes beneficiarias están obrigadas a subministrar toda a información necesaria para que o Igape ou, se for o caso, a Amtega poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

k) O beneficiario acepta que os datos resultantes da execución do servizo, unha vez desvinculados dos datos identificativos da súa empresa, pasarán a formar parte dunha base de datos para a súa explotación multicriterio con fins estatísticos, de deseño de políticas públicas e de difusión de situacións empresariais.

Artigo 12. *Xustificación da execución*

1. O prazo para presentar a documentación xustificativa da execución do servizo rematará un mes despois do prazo establecido para a súa execución.

2. A documentación xustificativa que se deberá presentar é a seguinte:

a) Xustificante de ter impartido a formación inicial.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtn1



b) Xustificante da peme destinataria de ter aboado o cofinanciamento privado.

c) Memoria do proxecto e outros entregables definidos no contrato entre o Igape ou, se for o caso, a Amtega e a empresa prestadora do servizo.

3. A entrega ao Igape ou, se for o caso, á Amtega da documentación xustificativa será realizada pola empresa prestadora do servizo, en virtude da autorización da peme prestadora do servizo recollida no anexo I, a través da plataforma informática de xestión que manterá o Igape coas empresas prestadoras dos servizos.

Artigo 13. *Perda do dereito á axuda e reintegro*

1. Producirase a perda da axuda en especie no suposto de falta de xustificación da execución do servizo, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de reintegrar ao Igape ou, se for o caso, á Amtega total ou parcialmente a contía da axuda en especie percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito da axuda en especie e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape ou, se for caso, a Amtega poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberán resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

1º. Negativa ou obstrución a facilitar información de indicadores: penalización económica equivalente ao importe do cofinanciamento privado do servizo.

2º. Non comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas suporá o reintegro do exceso percibido máis os xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puideren corresponder.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



Artigo 14. Réxime sancionador

Aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. Fiscalización e control

Os beneficiarios destas axudas someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica ou, se for o caso, a Amtega para o seguimento dos proxectos aprobados, e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.

Artigo 16. Comprobación de axudas

1. O Igape ou, se for o caso, a Amtega comprobará a axeitada xustificación da axuda, así como a execución do servizo e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da axuda.

2. Para todo o non previsto no punto anterior será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. Publicidade

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria ou, se for o caso, a Amtega incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas en especie concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do



Igape (www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, o beneficiario, a contía e a finalidade da axuda, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións; non obstante, cando os importes das axudas concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no número 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 18. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceiros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable desde ficheiro é o Igape, quen, no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Amtega e á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como ás entidades con que colabore para a prestación dos servizos e aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poida ser necesario aportar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: lop@igape.es.

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, segui-

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtm1



mento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: dxfondos@conselleriadeconomia.gal.

Artigo 19. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), no Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello (DOUE L 347, do 20 de decembro), no Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006, así como na normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.

En canto ao cómputo de prazos, atenderase ao disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: lmncszx2-jy24-zrt2-dvw6-pss2tt06xtn1





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS AOS SERVIZOS DE ASISTENCIA, DIAGNÓSTICO E SOPORTE NA IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE EMPRESA DIXITAL E INDUSTRIA 4.0 PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONATIC), COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020	IG401C	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA				NUM	BLOQ
PARROQUIA	LUGAR				ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS	NIF
-----------------	-----

NOTIFICACIÓNS POR VÍA ELECTRÓNICA

☐ Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía electrónica
(Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE

ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE
--------------	----------------	------------------------------	-----------------	---------------	----------------------------

PODER DE REPRESENTACIÓN

PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO
----------	------------	------------------------------	-----------------

SOLICITUDE PARA

☐ IG236 - Axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa Dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (Programa Re-accionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020

A prestación destes servizos está cofinanciada ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 01, prioridade de investimento 01.02, obxectivo específico 01.02.01 e obxectivo temático 03, prioridade de investimento 03.04 e obxectivo específico 03.04.01.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS

CÓDIGO DE COMPROBACIÓN



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

Autorizo á persoa representante da empresa prestadora do servizo para recopilar a documentación xustificativa relacionada no artigo 12 das bases reguladoras e presentala no Igape a través da plataforma informática de xestión que manterá o Igape coas empresas prestadoras dos servizos.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lodp@igape.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución pola que se lle dá publicidade ao acordo da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa Dixital e Industria 4.0 para a súa realización en empresas galegas (Programa Re-accionaTIC), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data				
	,	de	de	



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



**XUNTA
DE GALICIA**